

VERÁN 2018 no MARCO

OBRADOIROS INFANTÍS DE VERÁN

[Actividade paralela da exposición “XULIO VERNE. Os límites da imaxinación”]

Para público infantil e familiar

Nenos/as a partir de 3 anos sós ou acompañados de adultos

Datas: do 3 ao 31 de xullo de 2018

Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)

Horario: martes, mércores, xoves e venres, de 12.00 a 14.00 [agás mércores 25 xullo]

Entrada libre e gratuíta ata completar aforo (máximo 40 participantes)

[Posibilidade de reserva anticipada para grupos]



A partir do martes 3 de xullo, o MARCO retomou a súa actividade educativa coa posta en marcha de obradoiros de verán, dirixidos a público familiar, e que nesta ocasión xiran ao redor da exposición ‘XULIO VERNE. Os límites da imaxinación’, a mostra de Fundación Telefónica inaugurada o 19 de abril nas salas da planta baixa.

Dende entón, centos de escolares teñen participado xa nas visitas á exposición, con percorridos guiados e actividades deseñadas especificamente para distintos grupos de idades e ciclos educativos, con especial atención á sección *Mobilis in mobili*, que ilustra o especial vencellamento de Xulio Verne coa cidade de Vigo. Unha vez finalizado o curso escolar, as propostas céntranse no público infantil e familiar, con posibilidade de reserva anticipada para grupos con necesidades específicas.

Seguindo a estela de Verne, na programación de verán un singular Caderno de Bitácora será o punto de partida para catorce sesións, incluíndo percorridos por salas que poñerán a proba as nosas habilidades e capacidade de observación, seguidos de obradoiros nos que disfrutaremos con múltiples actividades relacionadas co mundo de Xulio Verne e o seu imaxinario: animais fantásticos, escenarios mariños, códigos morse, criptogramas, medios de transporte para todos os gustos, personaxes disparatados, e busca de tesouros agochados nos lugares máis insospeitados... Úneste?

Contacto Departamento de Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113908 /113904 / 113900

marta.viana@marcovigo.com

www.marcovigo.com

<https://www.facebook.com/MARCO-Museo-de-Arte-Contemporánea-de-Vigo>

[@MARCOVigo3](#)